

Resolución provisional pola que se fai pública a relación de centros e modalidades seleccionadas, conforme o disposto no artigo 13.1 da Resolución do 11 de xuño de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan os Contratos-Programa Innova (CPIInnova) para fomentar a innovación educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.

Esta publicación abre un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias, segundo o establecido no apartado 13.2 da convocatoria, que deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A), xunto coa documentación complementaria.

Para a presentación das reclamacións ou renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A presidenta da comisión de selección

M.^a Eugenia Pérez Fernández

Sub. xer. Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos

